

Estimadas familias:

Informamos de que en cumprimento do establecido na Resolución do 19/09/2022 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, no mes de novembro levaranse a cabo as eleccións para a **renovación parcial dos membros do consello escolar do centro**.

Adxuntamos o calendario coas datas do proceso e animamos aos pais/nais do alumnado, ao profesorado e ao sector de PAS a presentar as súas candidaturas para formar parte do novo consello escolar do centro.

As **vacantes** que hai que cubrir son as seguintes:

- 3 para o sector do profesorado
- 3 para o sector de pais/nais (1 será representante da ANPA nomeado pola mesma)
- 1 para o sector de PAS (persoal de administración e servizos)
- 1 para o representante do Excmo. Concello de Lugo nomeado polo mesmo

**Normas xerais:**

- O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai e a nai, ou de selo caso, aos titores legais
- A organización e supervisión do procedemento de elección de membros do consello escolar estará a cargo da Xunta Electoral formada pola directora do centro como presidenta e catro pais/nais, ou titores legais designados por sorteo público (data marcada no calendario) entre os que non se presenten como candidatos, actuará de secretario/a o de menor idade
- No taboleiro interior do centro colocado ao lado da porta da biblioteca estará exposto o censo de pais/nais do centro (poderase presentar, se procede, reclamacións a dito censo)
- Seguindo o calendario, os pais/nais interesados poderán retirar as papeletas na secretaría do centro
- Os votos serán directos, secretos e non delegables. Cada elector/a acreditará a súa identidade coa presentación do DNI ou outro documento oficial acreditativo da súa identidade.

Aos membros da Xunta Electoral, aos membros das mesas electorais e aos electores seralles aplicado o **permiso laboral** recollido no artigo 117 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia e recibirá unha xustificación da dirección do centro pola súa asistencia.

**REFERENCIAS LEXISLATIVAS:**

L. O 2/2006, Decreto 92/1988, Decreto 324/1996, Resolución 19/09/2022

CALENDARIO	DATA	HORA	LUGAR
Sorteo público para elección dos membros da Xunta Electoral Art 2º Resol.19/9/2022	28 Outubro	09:15	Secretaría
Exposicións censos electorais país/nais, profesorado e PAS Reclamación ao censo electoral ante a Xunta Electoral	28 Out a 2 Nov	10:00-13:00	Taboleiro Biblioteca/Sala Mestres/Secretaría
Constitución Xunta Electoral Art 2º Resol.19/9/2022	3 Novembro	09:00	Secretaría
<b>FUNCIÓNS XUNTA ELECTORAL Art. 31 Decreto 92/1988</b> Aprobar e publicar os censos Art. 31 e 41 Decreto 92/1988 Establecer calendario electoral Art. 31 Decreto 92/1988 Solicitar representante á ANPA Art. 38 Decreto 92/1988 Solicitar representante ao Excmo. Concello de Lugo Art. 33 Decreto 92/1988 Confeccionar papeletas Circular 1 1998	3 Novembro	09:00	Secretaría
Admisión de candidaturas por escrito á Xunta Electoral Art.31,32 D 92/88	4 a 11 Novembr	09 a 14:00	Secretaría
Proclamación de candidatos Art.31,32 Decreto 92/1988	14 Novembro	09:00	Secretaría
Reclamacións ás candidaturas Art.31,32 Decreto 92/1988 Resolver as reclamacións Art.31,32 Decreto 92/1988	15-16 Nov 18 Novembro.	09-14:00	Secretaría
Sorteo e constitución das mesas electorais de pais/nais Art. 39 e 44 D 92/1988	18 Novembro	09:00	Secretaría
Constitución mesa electoral, votacións e escrutinio de pais/nais Art38-42 D92/88 Constitución mesa electoral, votacións e escrutinio de profesorado Art34-37 “ Constitución mesa electoral, votacións e escrutinio de PAS Art 47-49 D 92/88	22Novembro 22Novembro 22Novembro	09 a 11:00 Y de 16 a 18:00	Biblioteca
Proclamacións das persoas elixidas Resolver as reclamacións Art 31 Decreto 92/1988	23Novembro 23 Novembro	09:00	Secretaría
Proclamación definitiva Art, 31 e 51 do Decreto 92/1988	24 Novembro	09:00	Secretaría
Traslado de copia das actas á Xefatura Territorial Art 31 Decreto 92/1988 Reclamación ante a Xefatura Territorial da Consellería de C. E.FP e U. Art 51 D92/88	24 Novembro 19 decembro	09:00	Secretaría
Constitución Consello Escolar Art 52 Decreto 92/1988	29Novembro	09:00	Biblioteca
Envío formulario Art 7 Resolución 19/09/2022	Antes do 16/12	09:00	Secretaría

Se teñen alguna dúbida pódense poñer en contacto co centro. Para reclamacións na Secretaría do centro por escrito.

Un saúdo

Lugo a 29 de outubro de 2022

A dirección do centro.

Asdo:Dna. M<sup>a</sup> Dolores Freire Fernández